

## Fumarolas femininas

**Recensión sobre *Los hermosos años del castigo*, de Fleur Jaeggy para a revista *O Ollo Público*, 2009**

Os lugares de encerro [unha páxina, por exemplo] exercen o seu poder de atracción sobre nós.

Todo o que alí dentro acontece mestura podremia e esplendor. Axexo e delirio. Puntañas de iceberg. Fumarolas oceánicas. Un dos libros que relerei moitas veces na miña vida: ***Los hermosos años del castigo***. De **Fleur Jaeggy**. Na colección *La flauta mágica* da editorial Tusquets. 117 páxinas. Primeira edición en Adelphi, 1989. Non contamos aínda coa tradución a galego dunha das *bildungsroman* máis femininas que existen -canda o *Orlando* da Woolf e a serie *Claudine* de Colette- no ronsel literario do **internado suízo só para mozas**. As novelas de internado son clásicos femininos. As novelas de internado adolescentes de Enid Blyton, *Santa Clara* e *Torres de Malory*. As novelas de internados abandonados, *O vixía no centeo* de JD Salinger, as autobios de Thomas Bernhard. As novelas de internado presurizan a natureza humana ata volvela unha pasta vulnerable. Alén das novelas, as *historias de internado* conforman eses microcosmos de aire xeado nos que as palabras grandiosas do inicio da vida adulta - *fraternidade, viaxe, casa, libremente, freilich, literatura, amor*- proen como cartas sen resposta.

A primeira frase da novela di así: *Aos catorce anos eu era alumna dun internado de Appenzell*. E de seguido pasa a falar de Robert Walser. Hai unha vontade de se enxertar coa loucura dende esas primeiras páxinas, mais a narradora semella condenada a contemplala, case a espiala noutros seres. En Frédérique. Esa moza perfecta, esa *Beatriz* con gramos da *Olimpia* do Coppelius de Hoffmann. Non sabemos xamais o nome da narradora [cómpre sabelo?] como tampouco sabemos nunca o nome da aparente protagonista de *Rebeca* -que non é Rebeca- nese clásico claustrofóbico de Hitchcock. Dun xeito análogo, a Rebeca de *Los hermosos años...* é a Frédérique marabillosa e glacial. Autómata. Unha parábola de talento. A moza espiaada, a moza adorada. O amor puro. A que *xa chegara máis lonxe ca min*. Esta é a historia de **todos eses seres que despuntan no seu primeiro contacto co mundo e son contemplados por outros**, os secundóns, os narradores, as actrices de reparto quen, co paso do tempo, asistirán ao derrubamento de tanta beleza. De tanta pureza. Sobredose de.

Esta é a historia eterna **dos que narran**. Nunca os mellores. Só *os que*

*observan* aos mellores.

O estilo da novela discorre entre indolente e aplicado. Quero dicir que se aplica sobre o que se narra coa disposición dunha moza disciplinada e, dun xeito moi fugaz, deixa enxergar as fumarolas que asoman nas xeografías imprecisas das relacións cos corpos aos catorce anos. As fumarolas pero nunca a lava. Nunca o magma. A paixón comporta como unha lembranza afastada. Existe pero. Explica o cosmos e as circunstancias vitais desa morea de rapazas da alta sociedade isoladas entre lagos e montañas, pero. A narradora vertebra a escasa acción da novela co fío de reflexións velenosas e lúcidas sobre a natureza das relacións adolescentes. O tempo vai e volve, ela conta dende o seu presente e regresa a se mergullar no único espazo que semella atopar onde a tortura do encerro devén luminosa: **Bausler**, o internado. O cárcere da saudade. O castigo fermoso. O paradoxo. O lugar da primeira comprensión do mundo e da súa natureza. O lugar do rachón infinitesimal.

Todo contado dende o interior dun glaciario.

Estíbaliz...Espinosa, 2009

Nota a posteriori: como curiosidade, a editorial Barbantesa publicou, un ano despois desta recensión, a tradución a galego baixo o título Os ditosos anos do castigo.